

**Xoán Carlos Domínguez Alberte: *Incivil***

**Miro Villar**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

VILLAR, MIRO (2011 [2010]). “Xoán Carlos Domínguez Alberte: *Incivil*”.  
*A Trabe de Ouro*: 81, 121-124. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo  
de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/130>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

VILLAR, MIRO (2010). “Xoán Carlos Domínguez Alberte: *Incivil*”. *A Trabe  
de Ouro*: 81, 121-124.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE: *INCIVIL*

Miro Villar

A primeira vez que escoitei pronunciar o adxectivo *incivil*, relacionándoo coa guerra española, foi na voz do profesor Xesús Alonso Montero, que asina o prólogo «Palabras preliminares: O poeta da nosa memoria republicana» a este libro de poemas da autoría de Xoán Carlos Domínguez Alberte, intitulado tamén *Incivil*. Sucedeu no ano 1996, nun curso de doutoramento que o sabio profesor organizará co obxecto de lembrar os sesenta anos do inicio do levantamento franquista contra a democrática II República. Lembro moi ben as súas palabras ao explicármonos a unha ducia escasa de alumnas e alumnos de Filoloxía que aquel adxectivo “incivil” era o máis adecuado para nomear unha guerra que daría en desencadear unha represión tan forte e tan violenta, até converter a posguerra nun manto espeso de terror.

Lembro tamén cando nos explicou que ese adxectivo fora utilizado por vez primeira por Unamuno naquel coñecido episodio co que se abriu o curso académico universitario en [122] Salamanca, o 12 de outubro de 1936 (anos despois, xa no franquismo, “Fiesta de la Raza”). Narrounos o profesor, coa súa extraordinaria habelencia para oratoria, como Unamuno arrenegou por vez primeira en público dunha sublevación á que apoiara nos seus albores. E reproduzo aquí un fragmento daquelas palabras que Alonso Montero nos recitou de memoria e case ao pé da letra:

Se ha hablado aquí de guerra internacional en defensa de la civilización cristiana; yo mismo lo hice otras veces. Pero no, la nuestra es sólo una guerra incivil. (...) Vencer no es convencer, y hay que convencer, sobre todo, y no puede convencer el odio que no deja lugar para la compasión.

Deseguida relatounos os exabruptos do xeneral Millán-Astray (ese “coruñés de pro”, en palabras de Carlos Negreira Souto, presidente do Partido Popular de A Coruña), que interrompeu a berros a Unamuno mentres alguén ouveaba: «¡Viva la muerte!». E Millán-Astray bramou: «¡Cataluña y el País Vasco, el País Vasco y Cataluña, son dos cánceres en el cuerpo de la nación! ¡El fascismo, remedio de España, viene a exterminarlos, cortando en la carne viva y sana como un frío bisturí!».

Foi nesa altura cando Unamuno retrucou sabiamente as palabras do xeneral franquista, até que Millán-Astray o interrompeu co nefando: «¡Muera la inteligencia!».

Desde a intelixencia, esa que doe, nacen os versos de Xoán Carlos Domínguez Alberte neste intenso libro de poemas intitulado *Incivil* que se estrutura en catro partes. A primeira, “De memoria”, xunta once poemas que teñen como fío a recordación dos anos inmediatos

da guerra e da posguerra. A ollada dos vellos Benito e Cesáreo, que foron mobilizados demasiado novos para entenderen o conflito, sérvelle de revelación aínda non comprendida para un neno que os escoitaba e que talvez (el nolo dirá) sexa un trasunto do propio autor. A morte dun miliciano en “Bala perdida”, os amores interrompidos que se narran en “Luarca” ou en “Sempre estivo aí” (coa presenza da censura nos epistolarios, mesmo nas cartas de amor), mais sobre todo a represión nas súas múltiples formas, non só na crueldade das “claudieiras” ou dos “paseos”, que relatan os poemas “Pelotón” ou “As cruces de pedra na Galiza” (sobre as mortes de Roberto Blanco Torres, Camilo Díaz Baliño, Ánxel Casal e Alexandre Bóveda), tamén a memoria dos desaparecidos (que non foi só Federico García Lorca, que son centos e centos) nun neno que se fai preguntas incómodas, mais incluso tamén desde a represión do simbólico, como aqueles soldados “nacionais” que arrincan a placa da Rúa 14 de Abril, ou o canto mudo da Internacional obreira en “Desconcerto de Aranxuez”.

E contra ela, contra a represión, a resistencia, desde ámbitos tan inocuos ou inofensivos como no poema “Arma cargada de futuro”, no que o coñecido verso de Gabriel Celaya serve para enxalzar o labor dos mestres e o papel liberador da educación aprendida nos tempos da krausista Institución Libre de Enseñanza, mais tamén a resistencia armada antifranquista dos guerrilleiros, que como se nos di en “Derradeiro encontro” teñen que deixar os seus no camiño da loita clandestina.

A segunda parte, “Eles”, está conformada por dous poemas que van desde o colectivo até o individual, ao lembrar o paseo en agosto do 36 de Celso de Poulo, alcalde de Gome-sende. E na terceira parte “Elas”, de novo outros dúas composicións para traeren a memoria do sufrimento das mulleres, como as de “A casa da Canle” ou como a Amparo do [123] poema “Año de memoria”, que vai mudar o seu nome en “Des... Amparo”. Retratos de mulleres que perderon os seus homes ou os seus pais ou os seus irmáns na guerra “incivil” ou na brutal represión que a continuou durante décadas. Tanta foi a orfandade que creou o fascismo.

Finalmente, “A loita continúa” é un encabezamento esperanzado para media ducia de poemas que principian con “Tricolor”, “Entre liñas” (con nova lembranza a Blanco Torres ou a Celso Pérez Rodríguez, Celso de Poulo, alcalde de Gome-sende no 36), “O Reinos” que desta volta lembra a quen lle fixo fronte durante moitos anos ás torturas da barbarie fascista, César Álvarez, prendido en 1948, e que viviu ou sobreviviu até os 97 anos para lembrarlle aos novos todo o acontecido. Remata este volume de versos co poema “Incivil” que nos presenta a unha nena que ha medrar coas palabras da liberdade, con “Cantar as co-renta” no que se reescribe a historia para que nas súas páxinas reveladoras aprenda a mo-cidade e con “Onde o mundo se chama Celanova” onde o verso de Celso Emilio Ferreiro, varias veces citado neste libro, serve de paráfrase que evoca outra volta a un mestre:

Nunca máis  
se volveu ouvir  
a voz limpa de mestre  
de Manuel Paz, “O Chaneira”,  
tamén evadido á sombra  
vaporosa dunha madrugada do 36  
e aínda procurado sen rastro  
pola filla en 1967  
sen máis contestación ca o silencio  
administrativo do papel en branco.

Este *Incivil*, de Xoán Carlos Domínguez Alberte, ofrece pois poemas sobrecolletores, os máis deles a rebordaren unha forte carga emocional. A poesía é aquí, de maneira ben evidente, unha arma ideolóxica contra o esquecemento. É poesía política, no mellor sentido da palabra, poesía necesaria que ás veces torna áspera polo seu cheiro a morte e a friaxe, como nos versos contemporáneos de Antonio Gamoneda ou como nos versos que o poeta comunista inglés Stephen Spender escribiu sobre a guerra “incivil” e que foron recompilados de maneira recente. Fálase do drama, da traxedia colectiva, mais desde a lembranza de nomes propios que retratan a dor individual das persoas. Velaí a meirande contribución deste libro de versos, que non lles é pouco, que non lles é pouco. Un apéndice final ofrécenos información básica sobre os lugares da represión e os nomes dos represaliados, no ronsel dos últimos traballos de investigación da memoria histórica ou da memoria republicana, denominación esta última moito máis acaída no dicir do profesor Alonso Montero. Nomes de paraxes xa case universalmente coñecidos, como A Caeira pontevedresa, mais tamén lugares moito menos evocados na historia e na literatura coma O Furriolo ou Saa. Do mesmo xeito, nos nomes dos represaliados a carón dos citados Bóveda, Blanco Torres, Casal ou Díaz Baliño, adoito lembrados por mor da súa condición de intelectuais, o poeta tamén nos fai acordantes de persoas do común, labregos e obreiros, case sempre esquecidos na longa nómina da represión.

Tan só nos resta parabenizar a Xoán Carlos Domínguez Alberte por esta contribución a restituír a nosa memoria desde o ámbito da lírica, nun discurso poético que, do punto de [124] vista formal, escolle a economía expresiva, a sinxeleza formal e a precisión semántica, alén de procurar a musicalidade e o ritmo da poesía popular, con recorrencias, con aliteracións, con estruturas binarias e outros recursos que nos amosan o oficio do poeta. Uns versos necesarios, que se enriquecen coas ilustracións do poeta Baldo Ramos, e que en palabras do autor queren ser unha «obra aberta», que xa o é por reveladora, por abrir a nosa ollada para aprendermos contra os que desexarían a morte da intelixencia.